



Guía Docente				
Datos Identificativos				2015/16
Asignatura (*)	Lingua Inglesa e os seus Usos 1	Código	613G03020	
Titulación	Grao en Inglés: Estudos Lingüísticos e Literarios			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	1º cuatrimestre	Terceiro	Obrigatoria	6
Idioma	Inglés			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Filoloxía Inglesa			
Coordinación	Woodward Smith, Elizabeth Anne	Correo electrónico	elizabeth.woodward@udc.es	
Profesorado	Herrero Villapalos, Rosa Woodward Smith, Elizabeth Anne	Correo electrónico	r.villapalos@udc.es elizabeth.woodward@udc.es	
Web				
Descrición xeral	Ampliación do estudo normativo da lingua inglesa. Elaboración e análise de textos oral e escrito de diferentes ámbitos			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título
A1	Coñecer e aplicar os métodos e as técnicas de análise lingüística e literaria.
A2	Saber analizar e comentar textos e discursos literarios e non literarios utilizando apropiadamente as técnicas de análise textual.
A6	Ter un dominio instrumental avanzado oral e escrito da lingua inglesa.
A9	Elaborar textos orais e escritos de diferente tipo en lingua galega, española e inglesa.
A10	Ter capacidade para avaliar criticamente o estilo dun texto e para formular propostas alternativas e correccións.
A15	Ser capaz de aplicar os coñecementos lingüísticos e literarios á práctica.
A21	Coñecer a evolución histórica externa e interna da lingua inglesa.
B1	Utilizar os recursos bibliográficos, as bases de datos e as ferramentas de busca de información.
B3	Adquirir capacidade de autoformación.
B4	Ser capaz de comunicarse de maneira efectiva en calquera contorno.
B5	Relacionar os coñecementos cos doutras áreas e disciplinas.
B6	Ter capacidade de organizar o traballo, planificar e xestionar o tempo e resolver problemas de forma efectiva.
B7	Ter capacidade de análise e síntese, de valorar criticamente o coñecemento e de exercer o pensamento crítico.
C2	Dominar a expresión e a comprensión de forma oral e escrita dun idioma estranxeiro.

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe		Competencias / Resultados do título	
O alumno desenvolverá estratexias para a adquisición de vocabulario novo e para a consolidación do coñecido.		A1	B1 C2
O alumno apreciará a importancia da colocación correcta; comprenderá os matices.		A2	B3
O alumno decatarse da importancia do rexistro, formato, estilo e contexto.		A6	B4
Ademais de adquirir coñecementos teóricos, ao alumno animaráselle a poñer en práctica as súas habilidades.		A9	B6
O estudo individual autónomo e a autocrítica son esenciais neste nivel, e o alumno debe recordar o seu papel e responsabilidade no proceso de aprendizaxe/ensino do cal forma parte.		A10	B7
		A15	
		A21	
Familiarización con diferentes acentos rexistros.		A15	
Redacción de textos de tipo diferente e para fins diferentes		A6	B5
		A9	
		A15	

Contidos



Temas	Subtemas
1. Aspectos introductorios do aprendizaxe do vocabulario nun contexto (ver libros de texto indicados na Sección 8 "Fontes de Información");...	Estratexias de aprendizaxe; tipos de significado; o uso dun dicionario (tipos);colocacións; metáfora, rexistro; conotacións e asociacións culturais.
2. A formación das palabras	Abreviaturas e acrónimos; prefixos; sufixos; formación de palabras novas; contacto entre linguas (préstamos); palabras parecidas pero distintas
3. Vocabulario relacionado co traballo/estudo	Campos de interese: Colegas, rutinas, carreiras, promoción, negocios, traballo académico, ensino
4. Vocabulario referente ás relacións persoais	Campos de interese: Aspectos positivos, negativos, problemas; sentimentos; aparencia e carácter
5. Vocabulario referente ó ocio e estilo de vida	Campos de interese: Roupa e moda; casa; socialización; artes escénicas e plásticas; literatura; comida; viaxes e turismo, roupa, actividades sociais.
6. Vocabulario relacionado co medio.	Campos de interese: Paisaxes, clima, metáforas, vexetación, animais; conservación
7. Vocabulario relacionado coa sociedade e as institucións	Campos de interese: Policía; as leis; historia; guerra e paz
8. Metáforas	Metáforas procedentes de distintos campos; interpretación e uso.

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Actividades iniciais	B5 B6 C2	5	0	5
Esquemas	A1 A2 A21 B3	10	20	30
Sesión maxistral	B4	20	41	61
Proba mixta	A2 A6 A10 A15 B7 C2	2	14	16
Traballos tutelados	A2 A6 A9 A15 B1 B6 B7	2	16	18
Proba oral	A6 A9 C2	2	16	18
Atención personalizada		2	0	2

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Actividades iniciais	Aspectos relacionados co aprendizaxe de vocabulario novo. Tipos de significados; como usar o dicionario (que tipos de dicionarios); conotacións, rexistro; metáforas.
Esquemas	O uso de diagramas e esquemas para comprender e asimilar mellor os matices do vocabulario novo.
Sesión maxistral	Nas sesións do grupo enteiro, explicacións e orientacións para o mellor aproveitamento do material presentado
Proba mixta	Completar distintos tipos de exercicios; discriminar usos e significados; explicar diferenzas; transformar oracións.
Traballos tutelados	Redaccións sobre temas diversos relacionados co traballado en clase.
Proba oral	Entrevista individual ou por parellas; preguntas de comprensión; destrezas orais. Interacción e comunicación de ideas, opinións, etc. Competencia comunicativa.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición



Proba oral	<p>Tanto a profesora como o/a lector/a están dispoñibles durante as horas de titoría semanais para resolver problemas ou ofrecer suxestións. Fóra destas horas tamén poden contactar connosco por correo electrónico.</p> <p>Existe unha oficina (ADI) na universidade que se especializa en "atender os membros da comunidade universitaria con necesidades especiais derivadas da discapacidade ou doutras formas de diferenza fronte á poboación maioritaria". O alumnado que o desexe pode falar coa profesora Ana Veleiro para acadar máis información ou poñerse directamente en contacto coa ADI en http://www.udc.es/cufie/uadi/. Tamén no teléfono 5622 ou na dirección de email adi@udc.es.</p>
------------	---

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Traballos tutelados	A2 A6 A9 A15 B1 B6 B7	Entrega de dúas redaccións sobre distintos temas relacionados co traballo de clase. A nota para esta parte será a media de ambos os dous. Ver datas máis abaixo.	20
Proba mixta	A2 A6 A10 A15 B7 C2	Completar distintos tipos de exercicios; discriminar usos e significados; explicar diferenzas; transformar oracións.	50
Proba oral	A6 A9 C2	Entrevista individual/por parellas; preguntas de comprensión; comprobación das destrezas orais do alumno: iniciativa e interacción do alumno, rexistro adecuado, amplitude de recursos lingüísticos, capacidade de comunicación.	30

Observacións avaliación
<p>1. Entrega de traballos tutelados: 30-10-2015; e 30-11-2015. A entrega tardía penalizarase. 2. É necesario entregar ambos os dous traballos para poder optar a que se sumen o resto das notas na primeira oportunidade de avaliación. Controlarase a asistencia con firma en todas as clases (expositivas, interactivas e reducidas). A asistencia habitual é un indicador do interese do alumno pola materia. 3. As datas para a entrega de tarefas e para a realización da proba oral deben respectarse; calquera incidencia que impide cumprir coas datas debe xustificarse documentalente.</p> <p>4. Proba mixta: data aprobada por Xunta de Facultade para o curso 2015-16 (primeira oportunidade ao finalizar o cuadrimestre). Esta data non é negociable. Polo tanto, os alumnos deben asegurarse de que estean presentes, sobre todo se viaxan fose nas vacacións de Nadal. Isto é válido tanto para os/as alumnos/ás da UDC como para os/as alumnos/ás Erasmus. 5. Proba oral: entre o 30 de novembro e o 18 de decembro 2015. As datas e horas exactas anunciaranse en Moodle.</p> <p>6. Un 5 sobre 10 é necesario en cada apartado da avaliación para superar a materia. 7. A segunda oportunidade de xullo, segundo o calendario académico, basearase na repetición de la(s) parte(s) da avaliación que non se superaron, conservando as mesmas porcentaxes. Se a parte dos traballos tutelados non se aproba na primeira oportunidade, o alumno debe presentar dous traballos novos. As instrucións relevantes, así como as datas de entrega durante o segundo cuadrimestre publicaranse en Moodle. As devanditas datas serán necesariamente antes do comezo do período de exames de xullo. A repetición do exame oral, en caso de suspenso na primeira oportunidade, levaráse a cabo ANTES do período de exámes. 8. A oportunidade de xullo non é para mellorar nota nas partes da avaliación xa aprobadas; soamente é para recuperar as partes non aprobadas. 9. Obterá unha cualificación de "non presentado" aquel/a estudante que non se presente a ningunha das dúas probas (a mixta e a oral) e que tampouco realizase os traballos tutelados.</p> <p>10. Aqueles alumnos que oficialmente fosen matriculados a tempo parcial, e que posúan unha dispensa académica, tal e como establece a Normativa de permanencia desta universidade, serán avaliados en calquera oportunidade seguindo os mesmos criterios que para a segunda oportunidade de xullo.</p> <p>11. Trátase dunha materia obrigatoria do 3er curso do grao, e polo tanto, o seu horario de clases e as esixencias en canto a tarefas teñen preferencia fronte a calquera materia de cuarto curso na que o/a estudante estea matriculado/a. Obviamente, a primeira obriga debería ser asistir ás materias de terceiro e cumprir as tarefas esixidas.</p> <p>12. Os alumnos/ás que suspendan na primeira oportunidade e non se presenten á segunda oportunidade de xullo terán a nota de suspenso.</p>

Fontes de información



Bibliografía básica	<p>- McCarthy, M. & Felicity O'Dell. ISBN-13: 978-0521677462 (2006). English Vocabulary in Use Advanced with Answers and CD-ROM. Cambridge: CUP</p> <p>IMPORTANTE: O libro especificado arriba é imprescindible para o traballo de clase e para o estudo individual. Estudarase aproximadamente a primeira metade do libro nesta materia, e a outra metade estudarase en 4º curso en Lingua Inglesa e vos seus Usos 2. O investimento é, polo tanto, rendible.</p>
Bibliografía complementaria	<p>- McCarthy, M. & Felicity O'Dell. ISBN-13: 978-0521684187 (2007). English Phrasal Verbs in Use: Advanced. Cambridge: CUP</p> <p>- O'Dell, Felicity & M. McCarthy. ISBN-13: 978-0521707800 (2008). English Collocations in Use: Advanced. Cambridge: CUP</p> <p>- O'Dell, Felicity & M. McCarthy. ISBN-13: 978-0521744294 (2010). English Idioms in Use Advanced with Answers. Cambridge: CUP</p>

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Lingua Inglesa 1/613G03003
Lingua Inglesa 2/613G03008
Lingua Inglesa 3/613G03015
Lingua Inglesa 4/613G03019

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

Recoméndase a asistencia e participación en clase, para estar ao día no estudo, e a realización de todas as tarefas asignadas dentro dos prazos indicados. A asistencia á clase facilita unha mellor comprensión da materia, adquisición de competencias en grupos e individual, aprendizaxe continua, a interacción directa con outros alumnos e alumnas ou a posibilidade dunha metodoloxía docente-discente máis participativa. Cabe recordar que a UDC é unha universidade presencial. Nos casos considerados na normativa da Facultad, os alumnos poderán solicitar exención oficial de docencia. As datas para a realización das probas orais anunciaranse con antelación abondo, e poñeranse en Moodle.

Recoméndase consultar os avisos postos nesta plataforma virtual con asiduidade. Non asistir ao exame oral ou escrito significa que se perde a primeira oportunidade para esta(s) parte(s) da avaliación. Desta forma só quedará a segunda oportunidade. As datas das probas non poden non poden ser adiantadas ou atrasadas para encaixar cos plans de viaxe individuais. O calendario académico da UDC é o que se segue, e non o doutras universidades.

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías